"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0498 [resolucion incoacion expte reposicion]";"15/10/20 12:54";"SIA 1490844 -- 200 Secretaría -- Expediente 570/2020 -- DENUNCIA DE ANTONIO DACOSTA DOMINGUEZ DE OBRAS EN PARCELA COLINDANTE EN NANTES DE REIS -- INCOACION EXPTE REPOSICION A CANDIDO TORRES DOMINGUEZ.";"570/2020";"Protección da Legalidade Urbanística";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0497 [Resolución lista definitiva admitidos e excluidos bolsa complementaria]";"15/10/20 11:09";"SIA 1490796 -- 500 AEDL -- Expediente 734/2019 -- Múltiples interesados -- BOLSA DE EMPREGO PROFESORES ESCOLA DE MUSICA --";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0496 [Incoacion procedementos sancionadores materia trafico]";"15/10/20 9:09";"Incoación procedementos sancionadores de tráfico";"152/2020";"Sancionador de Tráfico e Transportes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0495 [Incoacion Procedementos Sancionadores Materia Trafico I]";"15/10/20 9:09";"Incoacion procedementos sancionadores materia trafico";"152/2020";"Sancionador de Tráfico e Transportes";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0494 [RESOLUCION DA ALCALDIA DESIGNAICON COORDINACION COORDINADOR EXUECUCION OBRA MELLORA VIAS DE ACCESO IGREXA SIMES PERIODO VACACIÓN ARQUITECTA TECNICA]";"13/10/20 15:00";"MELLORA E PAVIMENTACIÓN DOS VIAS DE ACCESO A IGREXA DE SIMES";"224/2019";"Contratacións";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0493 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento S.C.C]";"13/10/20 10:38";"SIA 1497631 -- Expediente 821/2020 --Solicitude de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"821/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0492 [RESOLUCION DE INICIO DE EXEPEDIENTE DE CONTRATACIÓN AMPLIACION E PAVIMENTACION CÑO ABUIN]";"9/10/20 14:24";"PLAN CONCELLOS 2020 (LIÑA 1 INVESTIMENTO). AMPLIACION E PAVIMENTACIÓN CAMIÑO ABUÍN. INICIO EXPEDIENTE CONTRATACION";"175/2020";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0491 [Resolución lista provisional Admitidos excluídos bolsa complementaria á existente especialidades Oboe e Clarinete]";"9/10/20 13:24";"SIA 1490796 -- 500 AEDL -- Expediente 734/2019 -- Múltiples interesados -- BOLSA DE EMPREGO PROFESORES ESCOLA DE MUSICA --";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0490 [RESOLUCION DA ALCALDIA APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE]";"8/10/20 8:52";"APROBACION DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE NA EXECUCION DA OBRA: MELLORA DA PAV. CÑOS CORIÓN A GANÓN, VALDAMOR AO CASTRO, MOROUZOS A GANÓN, PADRENDA DE ABAIXO E CÑO DA IGREXA --";"77/2020";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0489 [RESOLUCION DA ALCALDIA]";"7/10/20 14:02";"CONTRATO MENOR DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA EMPRENDEMENTO EN FEMININO --";"816/2020";"Contratacións";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0488 [RESOLUCION DA ALCALDIA]";"7/10/20 12:56";"XERACION DE CREDITO 12/2020 EMPRENDEMENTO EN FEMININO --";"817/2020";"Modificación de Crédito";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0487 [RESOLUCION CONTRATACION O TEU PRIMEIRO EMPREGO]";"6/10/20 14:48";"Expediente 439/2020 RESOLUCIÓN CONTRATACIÓN O TEU PRIMEIRO EMPREGO 2020";"439/2020";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0486 [RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN CONTRATO ASIGNACIÓN HORAS MUSICA MOVEMENTO]";"6/10/20 13:26";"Expediente 734/2019 -- RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN CONTRATO ASIGNACIÓN HORAS MUSICA MOVEMENTO";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0485 [RESOLUCION LISTA ADMITIDOS MUSICA E MOVEMENTO]";"5/10/20 11:51";"-- Expediente 734/2019 -- RESOLUCIÓN LISTA ADMITIDOS MUSICA E MOVEMENTO CURSO 2020/2021";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0484 [Decreto da convocatoria XGL outubro]";"2/10/20 14:58";"Expediente JGL/2020/14, convocatoria XGL outubro.";"JGL/2020/14";"Convocatoria de A Xunta de Goberno Local";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0483 [DOMICILIACIÓN BANCARIA NÓMINAS SETEMBRO 2020]";"1/10/20



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 26

9:00";"Resoluciones de pago NOMINAS SETEMBRO 2020";"61/2020";"Nóminas";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0482 [RESOLUCION DA ALCALDÍA INICIO DA ACTIVIDADE DA ESCOLA DE MUSICA CURSO 2020-21]";"30/09/20 15:10";"INICIO ACTIVIDADE ESCOLA DA MUSICA CURSO 2020-2021";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0481 [RELACION ORDEN TRANSFERENCIA SETEMBRO]";"30/09/20 13:42";"Relación de Orden e Transferencia factruras setembro";"85/2020";"Pagos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0480 [ÀPROBACION MEMORIA VALORADA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN RIO DAVILA]";"30/09/20 13:29";"SOLICITUDE DE REINVERSIÓN DE PLAN CONCELLOS PARA A OBRA PAVIMENTACION CAMIÑO RIO DAVILA --";"772/2020";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0479 [Resolucion de reparos]";"30/09/20 13:29";"RESOLUCION DE REPAROS";"85/2020";"Pagos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0477 [RESOLUCION LISTA PROVISIONAL O TEU PRIMEIRO EMPREGO 2020-ADMON E FINANZAS]";"30/09/20 13:29";"SIA 1490836 -- 230 Personal -- Expediente 439/2020 -- Múltiples interesados -- PLAN FOMENTO EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA PONTEVEDRA. O TEU PRIMEIRO EMPREGO 2020 -- LISTA PROVISIONAL ADMON E FINANZAS";"439/2020";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0478 [Resolucion tarxeta estacionamento MCLDV]";"30/09/20 13:29";"SIA 1497477 -- 700 Servicios Sociales -- Expediente 786/2020 -- 76839336Q MARIA CARMEN LEONISA DOMINGUEZ VAZQUEZ -- Solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a nome de Maria Carmen Dominguez Vazquez --";"786/2020";"Cartóns e Reservas de Aparcadoiro para Discapacitados";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0476 [RESOLUCION LISTA PROVISIONAL O TEU PRIMEIRO EMPREGO 2020-FORESTAL]";"30/09/20 13:29";"SIA 1490836 -- 230 Personal -- Expediente 439/2020 -- Múltiples interesados -- PLAN FOMENTO EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA PONTEVEDRA. O TEU PRIMEIRO EMPREGO 2020 -- LISTA PROVISIONAL FORESTAL";"439/2020";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0475 [RELACION APROBACION FACTURAS SETEMBRO]";"30/09/20 13:29";"Relación Aprobación Facturas setembro";"85/2020";"Pagos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0474 [RESOLUCIÓN EXTINCIÓN RELACIÓN LABORAL TEMPORAL SANDRA MUÑIZ SALGUEIRO]";"30/09/20 13:29";"RESOLUCIÓN EXTINCIÓN RELACIÓN LABORAL TEMPORAL SANDRA MUÑIZ SALGUEIRO. EXPTE 193/2017";"193/2017";"Convocatoria y Pruebas de Selección de Personal Laboral por Concurso-Oposición";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0473 [RESOLUCIÓN INICIO CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO SANDRA MUÑIZ SALGUEIRO]";"30/09/20 13:29";"RESOLUCIÓN INICIO CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO DE SANDRA MUÑIZ SALGUEIRO. Expediente 1395/2018";"1395/2018";"Planificación e Ordenación de Persoal";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0472 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento A.D.S]";"29/09/20 17:38";"SIA 1497631 -- Expediente 795/2020 -- Solicitude de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"795/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0471 [RESOLUCION DA ALCALDIA INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACION MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ESPIÑEIRA A CARBALLOSO-TRAMO 2]";"29/09/20 13:59";"INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DA OBRA Mellora da pavimentación do camiño de Espiñeira a Carballoso - Tramo 2 --";"222/2020";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0470 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes J.L]";"29/09/20 10:50";"SIA 1497631 -- Expediente 781/2020 -- Solicitude de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por Omisión --";"781/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0468 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes S.S.V]";"28/09/20 14:59";"SIA 1497631 -- Expediente 782/2020 -- Solicitude de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"782/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0469 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes J.M.M.S.]";"28/09/20 14:59";"SIA 1497631 -- Expediente 770/2020 -- Solicitude de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"770/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0467 [Resolucion Alta no Padrón Municipal de Habitantes L.M.N.O]";"28/09/20 14:59";"SIA 1497631 -- Expediente 782/2020 -- Solicitude de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"782/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2020-0466 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes J.M.S.M]";"28/09/20 14:59";"SIA 1497631 -- Expediente 782/2020 -- Solicitude de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"782/2020";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

O Pleno da Corporación queda enterado da relación das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre 28 de setembro e o 27 de novembro de 2020.

**Fóra do orde do día.**

Ao abeiro do artigo 91.4 en concordancia co artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e previa ratificación da



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 26

urxencia por unanimidade dos doce membros presentes sométese a debate do Pleno da Corporación a seguinte moción:

**“MOCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE MEAÑO NA QUE SE SOLICITA Á XUNTA DE GALICIA O REFORZO DO CENTRO DE SAÚDE E A SUBSTITUCIÓN DO PEDIATRA.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A crise sanitaria provocada pola Covid-19 está a xerar unha transformación global da nosa sociedade cunha incidencia especial na Atención Primaria, na que se consolidan os cambios implantados durante o pico da pandemia, baseados en limitar os accesos aos centros de saúde, transformando as consultas presenciais en telefónicas ou mesmo por correo electrónico. Situación que se agrava ao consolidarse tamén a precariedade do cadro de profesionais sanitarios na meirande parte dos municipios galegos pero que si cadra é máis grave en municipios con menor entidade poboacional, nos que os centros de saúde son o principal recurso sanitario dos veciños pola súa proximidade.

Esta situación está dificultando a detección e atención de patoloxías clínicas distintas e, no caso dos cativos, de xeito máis relevante ao non contar cun especialista médico nesta franxa de idade. Ás deficiencias crónicas do noso Centro de Saúde, súmase a perda da atención do pediatra. Recentemente os voceiros dos grupos políticos con representación na Corporación mantiveron unha reunión co xerente da área sanitaria(27 de outubro)na que se comprometeu a non amortizar a praza de pediatría en Meaño compartida con Meis. A delegada da Xunta dixo públicamente hai uns días trala súa visita institucional a Meaño(12 de novembro)que a praza non se vai amortizar. Pero o Centro de Saúde continúa sen consulta de pediatría

Hai uns días tivemos constancia da xubilación do médico do Centro de Sáude de Meaño e polo de agora non enviaron substituto para esa praza mermando ainda máis o cadro de persoal dos dous centros de saúde, que xa é precario para atender a demanda da nosa poboación e que as mermas actuais so fan degradar un servizo prioritario e básico como é a sanidade, que afecta directamente ao ben máis preciado das persoas: a saúde.

**Diante desta situación, o Pleno, ACORDA:**

1º. Instar á Xunta de Galicia a que reforce de xeito inmediato, con recursos tanto materiais como humanos,tanto o Centro de Saúde de Meaño como o de Coirón-Dena para que a saúde pública sexa a prioridade absoluta neste contexto de pandemia e que a Atención Primaria garantaá poboación unha asistencia sanitaria digna.

2º. Cubrir inmediatamente a atención de pediatría, dado o importante número de nenos e nenas existentes no noso concello no Centro de Saúde de Coirón-Dena.

3º. Substitución da praza de médico de familia no Centro de Saúde de Meaño trala recente xubilación do titular.

Meaño, 27 de novembro de 2020”

Despois dunha breve deliberación e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala:

“1º. Instar á Xunta de Galicia a que reforce de xeito inmediato, con recursos tanto materiais como humanos,tanto o Centro de Saúde de Meaño como o de Coirón-Dena



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 26

para que a saúde pública sexa a prioridade absoluta neste contexto de pandemia e que a Atención Primaria garanta á poboación unha asistencia sanitaria digna.

2º . Cubrir inmediatamente a atención de pediatría, dado o importante número de nenos e nenas existentes no noso concello no Centro de Saúde de Coirón-Dena.

3º. Substitución da praza de médico de familia no Centro de Saúde de Meaño trala recente xubilación do titular."

**C) Rogos e preguntas.**

O Sr. alcalde cédelle a palabra aos membros da Corporación, por orde ascendente de representación para que formulen os seus rogos e preguntas; anunciando os rogos e as preguntas por escrito, segundo se recolle no Regulamento Orgánico Municipal, o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.

* Sra. García Piñeiro:

<u>Rogos:</u>

1. No pleno do 13 de agosto do 2018 aprobouse a implantación, nos edificios públicos do noso concello, de pictogramas que servisen, non só para as persoas con discapacidade intelectual e autismo, senón para todas as persoas que poidan demandar ou necesitar información adaptada.

Pasaron xa dous anos e non vimos, por parte da Alcaldía nin do Equipo de Goberno, intención de realizar tal tarefa que non supón un custe engadido ás arcas do concello.
ROGO: Que por parte do grupo de goberno e a Alcaldía se leve a cabo a implantación dos pictogramas en edificios públicos no termo do concello de Meaño para facilitar o emprego da información adaptada a aqueles/as usuarios/as que o precisen.

2. Solicitamos que se adecente o paso de peóns da nova praza de Dena. Necesítase volver pintar. Algo similar sucede co paso de peóns diante do Centro Social de Dena.

3. É necesario arranxar o pavimento na carretera de Axís, Simes, na intersección fronte á Igrexa, na zona do "Stop". Existe un gran número de veciños e veciñas que o piden.
4. Revisar o estado de tódolos tablóns de anuncios do concello, reparando ou repoñendo os que estén en moi mal estado.
5. Volvemos incidir na necesidade de manter en boas condición as pistas forestais, máis ainda con fenómenos meterolóxicos adversos. É necesario unha correcta limpeza e nivelalas, e exemplo de esto, é a que vai dende O Sifón ata Vilariño (Simes).
6. Sucede o mesmo coas gabias dos camiños, que están cheos de herbas (por exemplo, no lugar da Iglesia en Dena ou na Zona Industrial de Padrenda) e dificultan o paso da auga da choiva, o que fai que acabe indo pola carretera, co risco que iso conleva para a circulación e seguridade de vehículos e peóns.
7. Solicítase a instalación de colectores de reciclaxe no Lugar da Iglesia, Cobas. En concreto, un de cartón.



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 26

8. Tamén cremos necesario realizar unha valoración dos colectores amarelos existentes na estrada PO-550, podendo ser preciso aumentar o seu número nalgún punto concreto, do centro de Dena.
9. Consideramos que fai falla algo máis de formación na clasificación do lixo. Resulta frecuente ver lixo nos colectores errados e cremos que o concello debería ver de que maneira tratar de reducir os impropios.
10. Seguimos pensando que é necesaria a posta en marcha dun servizo de recollida de voluminosos, o antes posible.
11. Nesta época tan incerta e convulsa producida pola COVID, onde non se sabe canto tempo poderán estar abertos os comercios e a hostelería, é necesario e urxente patrocinar dende a páxina web e as redes sociais do Concello, todos os establecementos e as opción das que dispoñen en caso de peches perimetrais, como posibilidade de take away, envío a domicilio, etc.
12. Vimos que os Servizos Sociais teñen preparadas charlas, cun número limitado de persoas e medidas de seguridade. Debido á COVID haberá persoas que quixeran asistir, pero lles resulte imposible ou lles dea medo. Cremos que se podería articular algún sistema, para retransmitilas ou organizar webinar, xa sexa neste caso ou en ocasións posteriores.
13. Coa obra que se vai realizar na Rúa dos Colexios, en donde se pretende fomentar os hábitos saudables fronte ao uso dos vehículos, creemos necesario instaurar unha zona de aparacamento para as bicicletas, e así mesmo, fomentar o uso das mesmas.
14. Vistos os reparos feitos pola Secretaría-Intervención a determinadas facturas, rogamos se sigan as recomendacións dos seus informes e se faga o posible por adxudicar eses servizos prestados, aos que afectan os reparos.
15. Un veciño de Abuín informounos de augas grises e malos cheiros na zona de Abuín de Abaixo, próximo á autovía. Tamén nos comentou que xa informara ao equipo de goberno, pero que lle dixeran que alí non había nada. Comprendemos que o lugar é de difícil localización, se non se coñece a zona, pero nós si atopamos a vertedura, como se pode ver na fotografía que adxuntamos, polo que nos ofrecemos a levalos ata alí, para arranxalo antes posible.
16. Solicitamos a instalación de unha barandilla nas escaleiras laterais do Concello de Meaño, polas que se acceden á Praza da Feira.
17. Revisar as árboles do lateral da pista que vai da Quinta de San Amaro á Bodega Paco y Lola (pista da Portela), posto que son perigosas para transeúntes e vehículos.

<u>Preguntas:</u>

1. Coñecen con cantos casos de COVID a Xunta pecharía o noso concello? En Meis superan os 29 casos e non pecharon, datos do 23-11-20.
Alcalde (Síntese): hoxe temos 24 e pecharon con 24.
A nos gustaríanos saber porque tanta premura no peche porque a outros concellos avisáronlle varios días antes.
Alcalde (Síntese): É o comité técnico sanitario quen determina que zonas entran en restricións e as zonas non. Si que me chamaron para informar e que se ía a publicar no DOG que a partir das 00:00 horas entraríamos en restricións Meaño, Meis e Ribadumia, facendo unha área sanitaria.



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 26

2. Por que razón se limitou a 20 persoas a concentración en defensa do servizo de pediatría de Meaño, realizada o sábado 14 de novembro?
Alcalde: Antes de tomar a decisión falouse coas asociación para determinar hora e día. Comunicámosllo á Subdelegación e a Subdelegación limitou o aforo. De tódolos xeitos non había moito máis

3. Cal é a situación da RPT?
Alcalde (Síntese): Estase a traballar nela, tivemos diferentes contactos telefónicos, concretamente o venres da semana pasada tívose unha reunión coa empresa para intercambiar información e aportarlle diferentes datos, eu penso que agora debería estar xa prácticamente rematada.

4. No Pleno do mes de setembro, preguntamos pola axenda do arquitecto municipal e a posta ao día dos expedientes que tramita. Explicaron que o servizo fora reforzado. No mes de novembro, seguimos tendo coñecemento por parte dos veciños, de retraso nos expedientes. Poden explicarnos cal é a situación real a día de hoxe?
Alcalde (Síntese): O arquitecto ten dous días á semana os luns e martes, os luns atende os veciños e os martes emite informes. Reforzouse o servizo coa colaboación da técnica media e sí que se avanzou pero aínda non coa rapidez que quixéramos para resolver os expedientes de urbanismo. Teño un dato aquí que no 2020 ata a data presentaronse 107 comunicacións previas e 27 solicitudes de licenza, das que 40 expedientes están requiridos.

5. Coñecemos a existencia da solicitude de 5 veciños do noso concello, presentada no mes de agosto, para unha modificación puntual do PXOM, coa finalidade de corrixir un erro de redacción, que cataloga o solo da súa propiedade cun uso incorrecto. En que situación está dito trámite? Vaise realizar esa modificación? Cales son os prazos previstos?
Alcalde (Síntese): Son 5 propietarios pero todos sobre un único terreo. Nunha primeira apreciación o que se detecta e que non se trate exactamente dun erro senón que afecta ao núcleo urbano e que responda a estandares de equipamento ou zona verde.

6. Como vai o trámite para comezar as obras de Abuín? Hai empresa adxudicada? Cando se ten previsto comezar? Porque a seguinte fase debería ir no próximo presuposto e no próximo Plan Concellos.
Alcalde (Síntese): Todo se andará. A Mesa de contratación do 18-11-2020 formula proposta de adxudicación a favor da empresa CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L., estando pendente que achegue a garantía no prazo que ao efecto se establece. E posteriormente adxudicarase.

7. Existe algún problema co servizo de recollida de lixo ou co conductor do camión? De existir, cal é e como se vai arranxar?
Alcalde (Síntese): O servizo de recollida de lixo nunca se interrumpeu. O que sí tivemos a semana pasada é unha pequena incidencia no camión e quedou un tramo en Tanoira sen recoller e un tramo en Cobas, foi a única incidencia que tivemos.



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 26

8. É posible instalar un paso de peóns nos arredores da Igrexa de Meaño?
Alcalde (Síntese): Ahí o que queremos facer é un sistema de seguridade vial integral, para o que temos que falar coa Deputación e coa Policía Local. Na zona de Morouzos queremos facer unha redución de velocidade. Fronte a Casa de Cultura queremos facer tamén un paso elevado, pódese incluír este tamén de aquí da Iglesia.

9. En que estado está o pozo de Meaño, denunciado por unha veciña o ano pasado?
Alcalde (Síntese): Eu creo que se dou traslado a Augas de Galicia.

10. Na actuación do contorno do Parque de O Barreiro, plantexan ou plantexáronse a posibilidade de colocar unhas farolas cara a Capela das Angustias?
Alcalde (Síntese): Sí, está plantexado dende o Parque do Barreiro ata alí.

11. No Pleno de Xaneiro 2020, aprobouse (por unanimidade) a nosa moción sobre a estrada de Viliquín (Dena). Pedíase instar á Deputación de Pontevedra á construcción e instalación de beirarrúas, e todos os medios de prevención de accidentes. ¿Xa se falou coa deputación?
Alcalde (Síntese): Falárase antes de presentar a moción xa por outros temas. Logo douselle traslado desta moción á Deputación e teñen constancia da mesma pero tamén manifestan a dificultade de facelo.

12. En que situación está a avaría dos motores do Pavillón de Dena do mes de outubro?
Alcalde (Síntese): A verdade é que arranxala dou moita lata. Despois de moitas voltas ao final douse coa avaría e solucionouse.

13. Para cando se ten previsto acondicionar a zona de almacenaxe no Pavillón de Dena, de maneira que se libere o vestiario nº4? Onde se situarán? Cantos serán? A quen se destinarán eses almacéns?
Alcalde (Síntese): No lateral do pabillón e está a excavación feita. Era para arranxalo con recursos propios pero coa necesidade de facer adaptación no colexio pola pandemia de momento está pendente. Hai un deseño que fixo a aparelladora e inclúe un almacén con dúas estancias.

14. Sobre as axudas para a adquisición de material escolar, sen entrar en particularidades, por canto se superan os ingresos, no caso das non concedidas por esa razón?
Alcalde (Síntese): No informe que me pasaron sinálase que o límite da renda per capita, según as bases aprobadas son de: 3.000€ 3.500 € é de 5.500 €, e nos casos que non se concederon por superar ingresos, todos excedían ese máximo, tendo rendas per capita superiores a esta cantidade.

15. Para poder optar ao paquete básico de alimentos, cal é o límite de ingresos económicos?
Alcalde (Síntese): Segundo as bases aprobadas os límites en función do número de membros é o seguinte, tendo en conta o IPREM de cada ano:



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 26

| Nº Membros | Porcentaxe (Ingresos-Gastos de alquiler o hipoteca de vivenda) |
|---|---|
| 1 membro | 75% IPREM |
| 2 membros | 85% IPREM |
| 3 membros | 95% IPREM |
| 4 membros | 105% IPREM |
| 5 membros | 115% IPREM |
| + de 5 membros | 125% IPREM |

16. Poden recordarnos os requisitos para obtar a unha beca comedor?
Alcalde: Aplícanse os mesmos.

17. Como se cubren as baixas do persoal da escola infantil? Existe bolsa de emprego? Cantos días de baixa é preciso ter para que se cubra o posto cunha persoa substituta? Ata que iso pasa, quen realiza as labores do persoal de baixa ou ausente por outras razóns?
Alcalde (Síntese): No ano 2019 finalizou o proceso selectivo para cubrir os postos de Mestre e Técnico de Educación Infantil 0-3 anos, as persoas que superaron o proceso selectivo pero non ocuparon praza pasan a bolsa de emprego. As baixas cúbrense por orde de chamamento. Ata que se cubre reorganizase o servizo co persoal dispoñible.

18. No caso dunha traballadora do servizo de comedor e limpeza, de baixa desde o 9 de novembro: quen realizou as súas tarefas ata o 18 de novembro, que se contratou a unha persoa substituta? Por que a tardanza en cubrir a baixa?
Alcalde (Síntese): O proceso é o mesmo.

19. 10 horas semanais, en dito posto de traballo, destínanse á realización de tarefas hixiénico-sanitarias nas instalacións municipais, derivadas da COVID. En que instalacións en concreto e canto tempo adica en cada unha de elas?
Alcalde (Síntese): Comedor, zona do túnel e tamén no pavillón.

20. A bolsa de emprego, de operario como persoal laboral temporal, é para cubrir, en caso de necesidade, que posto?
Alcalde (Síntese): Todos, operario de maquinaria, operario encargado de obras e vías, operario encargado de edificios municipais, para todos.

21. Existe un pago á Mancomunidade do Salnés, por gastos do 2º cuadrimestre de 23.638,54 euros. A que corresponde esa cifra?
Alcalde (Síntese): Pois polos datos que me pasan: gastos xerais: 4.237,42 €, servizo bacheo: 2.357,59 €, servizo minipalas limpadoras: 2.643,88 €, servizo motoniveladora: 2.205,60 €, tractor desbrozador: 1.413,57 €, camión grúa: 226,19 €, gasto servizo conservación medioambiental: 7.798,55 €, servizo retroexcavadora: 2.198,63 €, adquisición terreos EDAR Ribadumia: 557,11 €.



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 26

22. Existe unha factura de Jesús Pombo Vidal, S.L., de 2.734,60 euros, por servizos realizados en acceso a fincas en Outeiro-Cobas. En que consistiu exactamente ese traballo?
Alcalde (Síntese): Ese foi fundamentalmente no tramo que hai na pista que sube para Fofán, cando se ampliou quedaron os accesos as fincas e o que se fixo foi meter a canalización de auga, acondicionare a rampa e mellorar o lateral do muro; en definitiva cunha pala mixta acondicionouse todo eso e meteuse un mallazo, formigonouse e entubouse para que poideran acceder.

23. Que servizo prestou a mesma empresa, Jesús Pombo Vidal, S.L., por importe de 1.115,62 euros? Nesa factura únicamente aparece como texto descritivo 7/9/20.
Alcalde (Síntese): Retirada de escombro derivado da limpeza nas distintas parroquias.

24. Que tipo de avaría sufriu o coche da Policía Local, que aparecen facturas do 31-08-2020 por 534,54 euros; do 19-09-2020, por 273,13 euros e do 19-9-2020, por 242,10 euros?
Alcalde (Síntese): 534,54 € corresponde ao vehículo de transporte asistencial, que afecta basicamente ao filtro de partículas. O importe de 273,13 € vehículo policia, corresponde basicamente a substituir rótula de dirección e desmontar cuberta. O importe de 242,10 € vehículo policía, corresponde basicamente ao filtro de partículas.

25. O pago a Correos de 458,09 euros é anual, mensual, foi un gasto puntual?
Alcalde (Síntese): Corresponde ao mes de setembro.

26. A que obra corresponde a factura de 3.557´40 euros de 5 de outubro, da empresa Roberto Tilve, S.L.?
Alcalde (Síntese): Diferentes transportes, hai xabre, hai triturado, hai tamén recollida de escombros de cunetas.

27. A factura de Casa Portuguesa do 20 de outubro, coa descrición de “comidas oficiais Alcalde”, con que comida corresponde? A quen se convidou?
Alcalde (Síntese): Tomou nomeamento o novo comandante da guardia civil en Pontevedra, e veu a facer unha presentación oficial, veu sobre a unha e algo quedamos falando e logo convideinos a comer, éramos tres. Logo hai outra da Casa Portuguesa que é do tribunal da selección de candidatos da escola de música.

28. Hai unha factura por valor de 1.994,5 euros, de 30 de setembro, en concepto de servizos de desbroce de pistas municipais: por que se recurriu a unha empresa ou persoa (Eduardo Cores Romero) allea aos servizos municipais?
Alcalde (Síntese): Pola pandemia retrasouse a limpeza das rutas, marxes de camiños, etc. e acudeuse á autónomos e empresas privadas para colaborar cos medios do Concello. Esta persoa centrouse sobre todo na zona dos Pasales e na zona dos muiños,etc..

29. A peritación xudicial independente, para a identificación da titularidade pública de camiño no xuízo verbal 0000506/2019, a que camiño fai referencia?



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 26

Alcalde (Síntese): Está clasificado como D-70, a ver como lle explico, vial das Cachizas entre Coirón. Un particular cuestiona a titularidade deste vial.

* Sr. Ásperez Montes, pásalle a súa quenda a Sra. Castro Pintos, quen formula as seguntes:

1. Respecto ós presupostos da Xunta de Galicia, parece ser que foron pouco considerados con Meaño. Outros concellos nesta situación están a rebelarse e protestar ou xa o fixeron. Cal é a súa postura con respecto a iso?

Alcalde (Síntese): As preguntas para ser contestadas na sesión teñen que ser presentadas por escrito con vintecatro horas de antelación, así o sinala o ROF e o ROM, como o está facendo o outro grupo municipal e habíamos quedado; polo que o considera un agravio comparativo ao outro grupo e que nesta sesión non as vai a contestar.

Replica a Sra. Castro Pintos que desde que comenzou a lexislatura no ano 2019 o seu grupo entregou unha serie de preguntas por escrito que seguen sen contestación, polo que lle parece unha bara de doble medida eso que lle está decindo de que non vai contestar, que está no seu dereito que queira aplicar o ROM e o ROF, pero o seu grupo non lle vai entrar nese xogo, porque lles parece que un presidente dunha institución municipal ten que ser capaz de contestar ás preguntas.

Segue a Sra. Castro Pintos:

2. O corazón instalado en Dena parécenos boa idea. O traballo dos artesáns Sres. Serén e Garrido foi altruista e gratuíto ou hai que aboarlle a súa labor, (o cal é e sería o normal)? Canto foi? No caso de non ter custe o concello debería amosar o seu agradecemento público.

3. Dixo que había petición escrita para autorizar a concentración do pasado 21 de novembro da Subdelegación . Existe? Poderíamos vela?

4. Non sei si sabe que estaba falando antes do tema da Escola Infantil que a Xunta recomenda a parella educativa. Sería posible implantala na Escola Infantíl de Meaño? Porque estiven escoitando que se reorganiza o servizo cando hai algunha baixa non? Entón pregúntome si se reorganiza o servizo co persoal que hai habitualmente cómo se pode manter a aula burbulla neses momentos de reorganización?

5. Cal vai ser a postura do Concello cando se inicie a obra do vial de Abuín si resultara que aínda non estivese arranxada a obra do transformador?

6. Deberíase proceder á rebaixa do baden en Paradela e poñelo como están en Viliquín. Con que criterio se fixo desa altura?

7. Retomamos unha pregunta do Partido Socialista, no período de pago de facturas deste Pleno (2 meses aprox), a Sra Secretaria fai REPAROS a numerosas facturas de varios provedores o prestadores de servizos ó Concello, en concreto a cifra está preto dos 30.000 €, poñendo nalgún caso en dúbida a súa legalidade. Pensa facer algo ó respecto ou vai a continuar a contratar certos traballos e servizos saltándose os informes da Sra



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 26

Secretaria?

8. Estiveron operarios municipales realizando labor algunha nunha propiedade privada no cruce de Vilaxuega na entrada por Coirón?

9. En que momento da tramitación se atopa o expediente de modificación puntual número 2 do PXOM?

10. Ten xa constancia da aprobación en todos os concellos á petición de actuación na estrada PO303? Cando se trasladará a Xunta de Galicia?

11. Respecto á elaboración da RPT, que dixo que tivera unha reunión o venres pasado, xa lle habíamos dado unha prórroga no mes de xullo, xa está rematada entón? Creemos na necesidade inmediata deste informe e da súa posterior aplicación xa que se vostede está a tomar decisións que poden causar un grave problema a este Concello en materia de Riscos Laborais e de Inspección de Traballo, o encargar labores, como recoñeceu antes, a distintos traballadores e traballadoras do Concello para postos para os que non foron contratados.

12. Reiteramos a petición da posta en marcha do control horario de traballo que marca a Lei. Cando pensa facelo?. Queda un mes para que comece o ano o 21 esixirmos a súa implantación. Sabe que é a nosa obriga e podemos ser sancionados e a multa seguro que non a pagará vostede do seu bolsillo, pagaremola entre todos, si se dera o caso, claro.

13. Esta pregunta era para a SRA. SECRETARIA: Por qué non se fai referencia na orde do día deste Pleno ó punto que se fixo referencia na Comisión de Contas e que tivemos que votar "Recurso Contencioso Administrativo interposto pola Central Sindical Independiente de Funcionarios (CSI-CSIF) contra a aprobación definitiva do orzamento e cadro de persoal do Concello de Meaño para o ano 2020, como se fixo con outros procedementos contenciosos?
Secretaria (Síntese): Primeira cuestión, o punto de rogos e preguntas é un apartado que se inclúe nos ordenes dos días das sesións ordinarias como apartado de control aos órganos de goberno. Esta é unha pregunta administrativa e pásase a contestar, e a resposta está na propia motivación contida na proposta que se levou á Comisión Informativa e é porque se trata dunha atribución que está delegada na Xunta de Goberno Local e como tal ten que ser ditaminada pola comisión informativa antes de ser acordada pola Xunta de Goberno Local.

14. Consideramos unha proposta de interese a realizada pola Asociación GAM de trasladar a estatuilla de Don Desiderio Dovalo á hemeroteca municipal, ó igual que a totalidade da colección de diarios que tiña o párroco na rectoral. Comparte esta iniciativa e contempla levala a cabo?

15. Segundo manifestaron algún veciños, deixóuselles espellos que tiñan solicitado dende fai bastante tempo e en reiteradas ocasións por problemas de visibilidade en distintos puntos de viais pero tiñan que colocalos eles, mesmo sen deixarlles soportes



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 26

nin nada onde sostelos. Como é posible esta situación?

16. Existen problemas co bombeo da baixada de Quirás en Lores. Cal é a deficiencia? Aquí aportamos algunhas fotos onde se aprecia o desbordamento e por consecuencia tamén se producen malos olores e molestias ós veciños. Compre solucionalo xa. Dende este grupo, o compañeiro Pepe Varela, xa se advertira dos problemas que iamos ter neste punto agora confirmados.

17. É preciso vallar o entorno do POZO DE CASTRO en Cobas, posto que é moi fácil que ocorra un accidente e caia alguén como ocorreu preto da zona do Muiño da Conda, ou vai agardar que isto pase?

18. Segue sen reparar a Ponte dos Pasales, cando o pensa facer?

19. Comentaron antes que se contratou a unha persoa para reforzar os traballos de limpeza e todo esto, a verdade é que temos dous operarios subvencionados para traballos de limpeza forestal e desbroce, os medios propios do Concello, contratouse a esa persoa, e esto (foto) esto está en Cobas así, eu a verdade parécenos que ou non se está xestionando ben os recursos ou hai un problema, porque por moito que choiva, por moito que se desbroce, tanta xente dedicada a desbrozar e limpar pois non da ous seus frutos dende logo…….Pois son moi competentes…… prometou non interrumpirme, eu non dixen o contrario.

20. Reiteramos as peticións de atención sobre viais e pistas que vimos nomeando en Plenos anteriores e non vemos intención ou actuación en ningunha delas. Por exemplo na pista da Cubela en Meaño, en Axís Simes, Formarís en Paradela, Pazo do Monte en Padrenda, Dadin ou Laboriño en Lores.

21. A que partida e a que necesidade recurre para a actuación no lugar de Dadín nun vial que non da servizo máis que a fincas e que xa estaba en condición para cumprir esa función?. Sen embargo no vial do que se sae e que conta con firme en mal estado non se actúa. É un vial municipal recollido no inventario para actuar nel?

22. Seguimos agardando que nos resposte e concrete si pertencemos ó Pacto de Alcaldes Polo Clima, dende cando e qué outros Concellos da Comarca están encadrados nel. Esta é a terceira vez que se fai en Pleno esta pregunta, aparte de tela por escrito sen que se nos dea acceso ou copia da reclamación escrita polo importe da viaxe a Bruxelas de 630 € que dixo ia facer, ou non a fixo? Se non a fixo recoñézao xa e deixaremos de preguntar.

23. No anterior pleno cando preguntamos polo comedor escolar, fixo referencia a que quedaramos fóra do convenio con educación, na acta non se recolle, por certo, pero pódese ver no vídeo do pleno no espazo de tempo dende 1 hora 35 min. Pode explicar esta situación?

24. Temos pedido tamén por escrito, sen contestar, o informe previo no que se



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 26

fundamenta a resolución da alcaldía sobre a colocación de sinais de tráfico. Vainos a responder? Existe o informe? Cando o podemos ter? (Tamén e a primeira vez que pedimos esta información e tamén está por escrito).

25. Fíxose cargo a empresa responsable da rotura do cruceiro en Cobas da súa reparación, agora que vostede dixo saber xa quen foi?

26. Farase o Concello cargo dos gastos ocasionados ó clube de Balonmán Asmúbal polos aprazamentos dos partidos que se deberon disputar a fin de semana na que o pavillón estivo impracticable pola condensación? Xa está solucionado o problema?

27. Fixéronnos chegar queixas acerca da rotonda situada en Altamira, posto que os veciños que entran para Viliquín, Dadín teñen numerosos incidentes debido a que os coches que proceden de Vilalonga fano a gran velocidade e non ceden o paso na rotonda. É necesario solicitar á entidade titular da vía algún tipo de sinalización que fixese reducir a velocidade dos coches cando se acercan á rotonda.

28. A propósito do cruceiro de Cobas que falábamos antes, e dos bens patrimoniais do noso concello, é unha pena que se deixen escapar subvencións como da que se facía eco a prensa esta semana, posto que está moi ben pagar por promoción turística á Mancomunidade do Salnés e por anuncios en revista de escaso alcance, pero, quen mellor coñece o noso somos os/as meañeses/as e dende logo ninguén vai promocionar o noso mellor que nós mesmos, polo que póñase as pilas e se non quere invertir cartos do concello porque as súas prioridades son outras, tome nota doutros xeitos de acadar financiación e poder así recuperar, promover , sinalizar o numeroso patrimonio co que contamos en Meaño como telleiras, muiños, petroglifos, cruceiros, etc.

29. O pasado Pleno comentamos que nos parecía un despropósito e un desprecio o prazo para as axudas e subvencións municipais ás asociación do concello. Agora ademais comprobamos que dende o Concello foron requeridas todas as que solicitaron para correxir erros na documentación que presentaron. Meaño é o concello que máis trabas pon e menos facilidades e a partida destina para labor desta xente que adica parte do seu tempo de maneira altruista; sen embargo ano a ano hai máis dificultades no trámite. Cremos que esa non ten que ser a política dun concello que ten que estar para axudar e promover toda a acción social sen ánimo de lucro que se leva a cabo nel. A día de hoxe dende o 3 de outubro aínda nigunha recibeu a súa resolución e van alá 2 meses.

30. Imos solicitar o listado das peticións para a axuda ó transporte para estudiantes que cursan estudos fóra do concello. Pódenos adiantar cantas solicitudes houbo? Quedou algunha excluida?
Sabe ademais que se estaba a cometer irregularidades pedindo documentación que non era necesaria? por exemplo unha firma dixital e logo unha copia dos DNI compulsada?. Esperemos que se rectifique para a próxima convocatoria porque ese non é o camiño se de verdade pretende axudar.

31. Tal e como dixemos en pleno, presentamos alegacións á Ordenanza de Tráfico,



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 26

ademais, cónstanos que hai alegacións presentadas por diferentes asociacións alegacións á Ordenanza de Participación Cidadá, agardamos que se teñan en conta, xa que o obxectivo da propia ordenanza é a participación dos cidadáns e das asociación nas que están representados.

32. Como é posible que denuncias de limpeza as que se refiere a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais non sexan atendidas polo Concello e os veciños se vexan na obriga de remitir á Xunta as denuncias vindo estas de volta porque a Xunta di e notifica que son competencia do Concello? Que pensa facer o respecto?

33. Regularizou a situación coas traballadoras do SAF respecto das cantidades adebedadas en kilometraxe e que tiveron que presentar o correspondente informe que o obriga da Inspección de Traballo? Dende cando lle pagou ou lle vai a pagar? No caso de non cumprir con esta obriga traeremos unha moción o vindeio Pleno cos correspondentes informes.

34. No pleno anterior dixo creer que non había problema co pintado do aparcamento do pavillón. Sabe xa quen levou a cabo o pintado e ten comprobado que é imposible o seu uso en varios puntos si están aparcados os vehículos, tal e como está pintado a ambos lados dos carriles? Vaise a proceder a un novo pintado? Canto nos custará?.

35. En canto ós próximos presupostos do 2021 pensa incluír a urbanización da zona coa correspondente beirarrúa que falta frente o Pazo de Lis que por seguridade é imprescindible, ó igual que a subida o centro de saúde e ó colexio de As Covas.

36. Tamén queremos pedirlle que para os vindeiros presupostos se inclúa unha partida específica para cada centro educativo do Concello, parécenos que a política de ter que estar pedindo por cada necesidade ou proxecto cuarta a liberdade e a capacidade de previsión, autoxestión e elección de proxectos das distintas comunidades educativas

37. Reiteramos a imperiosa necesidade dunha partida presupostaria para a separación das augas pluviais e das residuais? Prevé algunha partida presupostaria para o vindeiro ano?

38. En canto ós próximos presupostos do 2021:
*Pensa incluir nos presupostos do ano 2021, a urbanización da zona coa correspondente acera que falta fronte o Pazo de Lis que por seguridade é imprescindible, ó igual que a subida o centro de saúde.
*Tamén debe incluirse nos presupostos unha partida para o adecentamento de varios viais dos que vimos falando en anteriores plenos como o de Formarís, O dos Calixtos, A de Laboriño
*Tamén queremos pedirlle que para os vindeiros presupostos se inclúa unha partida específica para cada centro educativo do Concello. Parécenos que a polítca de ter que estar pedindo por cada necesidade ou proxecto coharta a liberdade e a capacidade de previsión, autoxestión e elección de proxectos das distintas comunidades educativas.
*Reiteramos a imperiosa necesidade dunha partida presupostaria para a separación das



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 26

augas pluviais e das residuais. Prevé algunha partida presupostaria para o vindeiro ano para este fin?
*Volvemos a insistir nunha partida para unha plaza de conserxe definitiva para o Colexio de As Covas nos próximos presupostos.

39. Agora ben, agardamos que non se volvan a repetir situacións como as ocurridas o día seguinte do pleno de setembro e levadas a cabo polo alcalde. É decir unha concelleira deste grupo recibiu unha chamada de teléfono do alcalde Carlos Vieitez para increpala por pertencer a este grupo, e sabemos que non foi a única chamada neste sentido a membros da lista electoral de Meaño Independiente. Vivimos nun país libre e isto recibe un nome claro, é acoso. E unha actitude vergoñenta por parte de calquera, pero máis aínda por parte do presidente dunha institución municipal que ademais sempre precisa identificarse como Carlos o alcalde, para que quede claro quen foi a chamada, vergoña e decepción é o que causan estas actitudes que nunca xamais deberían ocorrer e menos saír dunha persoa coa súa situación de poder como a súa. A inquisición rematou hai tempo e cada un é libre de pertencer a agrupación que prefira e de expresar as ideas ou pensamentos que crea convintes. O que queda claro é que detrás desta fachada de postureo é vostede un fraude e dende logo non é de fiar cando fai este tipo de accións.

40. E xa para rematar queremos recordar que a concentración prevista para o domingo día 29 pois será aprazada. Moitas grazas.

Remata o Sr. alcalde facendo un chamada á responsabilidade, tanto colectiva como individual, da cidadanía e a aplicar as normas sanitarias, mascarillas, distanciamento interpersoal e a hixiene de mans.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e cuarenta e cinco minutos, esténdendose a presente acta que certifico, co visto e prace do Sr. alcalde.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe



Cod. Validación: 6MLKNXGR7EY7G969E6XFG9CRJ | Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 26